

TEMA 2(II). AS REVOLUCIÓN LIBERAIS

Declaración de Independencia dos Estados Unidos de América (1776)

Consideramos verdades evidentes por si mesmas que todos os homes nacen iguais; que o seu Creador os dotou de dereitos inalienables, como a vida, a liberdade e a busca da felicidade; que, para garantir estes dereitos, os homes constitúen gobernos o xusto poder dos cales emana do consentimento dos gobernados; que se un goberno, calquera que fose a súa forma, chega a ignorar estes fins, o pobo ten o dereito de modificalo ou abolilo, ou constituir un novo goberno que fundamentará sobre os seus devanditos principios e que organizará os seus propios poderes segundo as forzas que lle semellen máis axeitadas para garantir a súa seguridade e maila súa dita.

Cando unha longa serie de abusos e deturpacións, encamiñados invariablemente á mesma finalidade, indica o designio de someter aos homes e un despotismo absoluto, estes teñen o dereito e mais o deber de derrocar ao goberno culpable destes e buscar novas salvagardas para a súa seguridade futura. Tal foi a paciencia longamente demostrada por estas colonias e tal é hoxe a necesidade que as obriga a modificar o seu antigo sistema de goberno.

Cahiers de doléances

Aquí o pobre non ten dereito a acender o lume na súa choza para poñerse ao abrigo do frío, se non o compra ben caro ao señor, por unha contribución descontada dos seus medios de subsistencia e dos da súa familia. Este dereito inhumano existe en Broues baixo o nome de dereito de lume. Alí o agricultor non ten nin sequera o dereito de alimentar o seu gando coa herba que medra no seu campo; se a toca, denúnciase e castígase cunha multa que o arruina, e o exercicio máis lexítimo dos dereitos da súa propiedade está subordinado á vontade arbitraria do señor, que ten a pretensión ao dereito universal sobre todos os pasteiros do territorio. Débense abolir todos os dereitos dos señores.

Cahiers de doléances, Valençay, Berry, 1789.

A Asemblea pide que sexa establecido que o terceiro estado terá nas asembleas da nación, polo menos, tantos deputados coma as outras dúas ordes reunidas, que as deliberacións se realizarán nas tres ordes reunidas e que os votos serán contados por cabezas.

O obxecto do que se deben ocupar esencialmente e en primeiro lugar é o de asegurar a Francia unha constitución boa e sólida que fixe para sempre e da forma máis clara posible os dereitos de trono e os da nación.

Que as leis aprobadas pola Nación reunida como Estados Xerais necesitan só a aprobación conxunta pola vontade da nación e a autoridade do Rei para ser válidas e obrigatorias en todo o reino.

Cahiers de doléances, Bailia de Nancy e Uchau, 1789.

Peticións do terceiro estado

O plan deste escrito é moi simple: Formulámonos tres preguntas 1. Que é o terceiro estado? Todo. 2. Que foi ata o presente na orde política? Nada. 3. Que pide? Chegar a ser algo.

Quen ousaría dicir que o terceiro estado non contén en si todo o necesario para formar unha nación completa? Se se fixese desaparecer a orde privilexiada, a nación non sería menos, senón máis. E que é o terceiro estado? Todo, pero un todo trabado e oprimido. E qué sería sen a orde privilexiada? Todo, pero un todo libre e florecente.

Que é unha nación? Un corpo de asociados que vive baixo unha lei común e representado pola mesma lexislatura. Non é evidente que a nobreza ten privilexios, dispensas, incluso dereitos separados dos do gran corpo de cidadáns? Por isto mesmo sae da lei común, e por iso os seus dereitos civís o constitúen nun pobo á parte dentro da gran nación. Ten os seus representantes, que non están encargados en absoluto na defensa dos pobos. O corpo dos seus deputados reúnense á parte. Pero aínda cando se reunise nunha mesma sala cos deputados dos simples cidadáns, non é menos verdade que a súa representación é distinta por esencia e separada. É allea á nación por principio, posto que a súa misión non emana do pobo, e polo seu obxecto, posto que consiste en defender non o interese xeral, senón o particular.

O terceiro estado abarca todo o que pertence á nación e todo o que non é o terceiro estado non pode contemplarse como representante da nación. Que é o terceiro estado? Todo.

Decreto de abolición do réxime feudal, 4 de agosto de 1789

- Art. 1. A Asemblea Nacional suprime na súa totalidade o réxime feudal e decreta que os dereitos e os deberes, tanto feudais coma censitarios, os que fan referencia á man morta real ou persoal e á servidume persoal e os que os representan, quedan abolidos sen indemnización, e todos os outros declarados redimibles, e o prezo e máis o xeito como se ha de facer a redención, serán fixados pola Asemblea Nacional.
- Art. 3. O dereito de caza e de couto aberto fican igualmente abolidos.
- Art. 4. Todas as xustizas señoriais son abolidas sen ningunha indemnización.
- Art. 5. Os décimos de calquera tipo e máis os censos correspondentes, baixo calquera denominación coa que se coñezan e perciban quedan abolidos.
- Art. 7. A venalidade dos oficios da xudicatura e da municipalidade suprimense desde este mesmo momento. A xustiza ten que ser gratuíta.
- Art. 11. Todos os cidadáns, sen distinción de nacemento, poden ser admitidos en todos os traballos e dignidades eclesiásticas, civís e militares, e ningunha profesión útil pode producir deshonra.

Decreto da Asemblea Nacional Constituínte do 4 de agosto de 1789.

Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán, 26 de agosto de 1789

Os representantes do pobo francés, constituído en Asemblea nacional, recoñecen e declaran, baixo os auspicios do Ser Supremo, os seguintes dereitos do home e do cidadán:

- Art. 1. Os homes nacen e permanecen libres e iguais en dereitos. As distincións sociais só poden fundarse na utilidade común.
- Art. 2. A meta de toda asociación política é a conservación dos dereitos naturais e imprescindibles do home. Estes dereitos son: a liberdade, a propiedade, a seguridade e a resistencia á opresión.
- Art. 3. A orixe de toda soberanía reside esencialmente na nación. Ningún órgano nin individuo pode exercer autoridade que non emane expresamente dela.
- Art. 4. A liberdade consiste en poder facer todo o que non dana aos demais. Os límites para o seu exercicio só poden ser determinadas pola Lei.
- Art. 5. A lei é a expresión da vontade xeral. Todos os cidadáns, ao ser iguais ante ela, son igualmente admisibles a todas as dignidades e sen outra distinción que a das súas virtudes e a dos seus talentos.
- Art. 11. A libre comunicación dos pensamentos e das opinións é un dos dereitos máis preciosos do home. Todo cidadán pode, polo tanto, falar, escribir e imprimir libremente, salvo a responsabilidade de que o abuso desa liberdade produza nos casos determinados pola lei.
- Art. 17. Sendo a propiedade un dereito inviolable e sagrado, ninguén pode ser privado dela senón cando a necesidade pública, legalmente constatada, o esixe claramente e coa condición dunha indemnización xusta e previa.

Lei Le Chapelier, xuño de 1791

Art. 1. A liquidación de todo tipo de corporacións de cidadáns do mesmo Estado e profesión é unha das bases da Constitución francesa, isto é, que queda prohibido refacelas sexa cal for o pretexto ou a forma como se fagan.

Art. 2. Os cidadáns dun mesmo Estado ou profesión, os obreiros e traballadores de calquera oficio, cando se atopen conxuntamente, non poden nin nomear presidentes, nin secretarios, nin síndicos; non poden tomar disposicións ou deliberacións, nin crear regulamentos sobre os seus intereses comúns.

Art. 4. Se, contra os principios da liberdade e da Constitución, algúns cidadáns da mesma profesión, arte ou oficio celebran convencións tendentes a fixar un prezo determinado para as súas industrias ou para os seus traballos, estas deliberacións serán declaradas inconstitucionais e atentatorias contra a liberdade e os dereitos do home.

Art. 6. Se tales deliberacións conteñen algunhas ameazas contra os artesáns, os empresarios, os obreiros ou os xornaleiros que van traballar a aquel lugar, ou contra os que se contenten cun salario inferior, os asinantes das actas serán multados e terán que cumprir tres meses de prisión.

A Constitución Francesa, 30 de setembro de 1791

A Asemblea Nacional abole irrevocablemente as institucións que danaban a liberdade e igualdade de dereitos. Dende agora non hai nobreza nin distincións hereditarias, nin de ordes, nin de réxime feudal (...), non hai corporacións de profesións(...). A lei non reconece votos relixiosos nin ningún outro compromiso que sexa contrario aos dereitos naturais ou á Constitución.

Título III.

- Art. 1.- A Soberanía é unha, indivisible, inalienable e imprescriptible. Pertence á Nación. Ningunha sección do pobo, ni ningún individuo poden atribuírse o seu exercicio.
- Art. 2.- A Nación, da que emanan todos os poderes, non os pode exercer máis que por delegación.
- Art. 4.- O Goberno é monárquico: o Poder executivo está delegado no rei, para ser exercido baixo a súa autoridade por ministros e outros axentes responsables.
- Art. 5.- O Poder xudicial está delegado en xuíces elixidos temporalmente polo pobo.

Capítulo I. Da Asemblea Nacional Lexislativa.

- Art. 1. A Asemblea Nacional, que forma o Corpo lexislativo, é permanente e componse dunha única Cámara.
- Art. 2. Para ser cidadán activo é preciso ter nacido ou ter sido feito francés; ter cumpridos os 25 anos, pagar unha contribución directa polo menos igual ao valor de tres xornais (...).

Decretos de Ventoso

Decreto da Convención Nacional do 8 Ventoso do ano II

A Convención Nacional, despois de ter escoitado o informe dos Comités de Salvación Pública e de Seguridade Xeral reunidos, decreta que o Comité de Seguridade Xeral ten poder para poñer en liberdade os patriotas detidos. Calquera persoa que pida a súa liberdade terá que xustificar o seu comportamento desde o primeiro de maio de 1789.

As propiedades dos patriotas son inviolables e sagradas. Os bens das persoas recoñecidas como inimigas da Revolución serán requisados a prol da República; estas persoas serán detidas ata que haxa paz, e desterradas despois a perpetuidade.

Tanto o informe coma o presente decreto serán enviados de contado aos departamentos, ás tropas e ás sociedades populares.

Decreto da Convención Nacional do 13 Ventoso do ano II

A Convención Nacional decreta:

Art. 1. Todas as Comunas da República farán a lista dos patriotas indixentes da súa demarcación, cos correspondentes nomes, idade, profesión, e o nome maila idade dos seus fillos. Os directorios dos distritos farán chegar estas actas ao Comité de Salvación Pública.

Cando o Comité de Salvación Pública reciba estas listas, fará unha relación dos medios necesarios para indemnizar a todos os infortunados cos bens dos inimigos da Revolución, a partir da lista que lle terá presentado o Comité de Seguridade Xeral, que será feita pública.

O Terror

Art. 1. Inmediatamente despois da publicación do presente decreto todos os sospeitosos que se encontren no territorio da República e que estean aínda en liberdade serán detidos.

Art. 2. Consideraranse sospeitosos: 1º, os que pola súa conduta, polas súas relacións, polos seus propósitos ou os seus escritos, se mostraron partidarios da tiranía ou do federalismo e inimigos da liberdade; 2º, os que non poidan xustificar os seus medios de existencia e o cumprimento dos seus deberes cívicos; 3º, aqueles aos que se lles tivese negado o certificado de cidadanía; 4º, os funcionarios públicos suspendidos ou destituídos das súas funcións pola Convención nacional ou polos seus comisarios, e non rehabilitados; 5º, os ata agora nobres, comprendidos os maridos, mulleres, pais, nais, fillos ou fillas, irmáns ou irmás, e os administradores de emigrados, que non teñan manifestado constantemente a súa adhesión á revolución; 6º, os que emigraron desde o 1 de xullo de 1789, aínda que volvesen a Francia.

Decreto relativo aos sospeitosos, 17 setembro de 1793.

República de propietarios

Temos que ser gobernados polos mellores; os mellores son os máis instruídos e os máis interesados en manter as leis. Agora ben, con moi poucas excepcións, só poderedes atopar homes destas características entre os que posúen unha propiedade, os cales están arraigados no país onde a teñen, defenden as leis que a protexen e a tranquilidade que a conserva, e que deben a esta propiedade e á comodidade que lles proporciona a educación que lles permite discutir, con sabedoría e xustiza, as vantaxes e os inconvenientes das leis. Un país gobernado por propietarios é a orde social, un país gobernado por non propietarios é o estado da natureza.

Boissy d'Anglas á Convención, febreiro de 1796.

Golpe de Estado do 18 brumario (9 novembro 1799)

Cando regresei de París encontrei a división en todas as Autoridades e o acordo establecido sobre esta única verdade: que a Constitución estaba medio destruída e non podía salvar a liberdade. Todos os partidos viñeron a min, confiáronme os seus proxectos, desveláronme os seus segredos e pedíronme o seu apoio. Rexeitei ser o home dun só partido.

O Consello dos Anciáns chamoume; respondín a súa chamada. Un plan de restauración xeral fora concertado por uns homes aos que a nación está afeita a ver como os defensores da liberdade, da igualdade, da propiedade. Crin que estaba obrigado a aceptar o encargo por deber aos meus concidadáns, aos soldados que perecen nos nosos exércitos, á gloria nacional adquirida ao prezo do seu sangue.

Preséntome ao Consello dos Cincocentos, só, sen armas, a cabeza descuberta, tal como os Anciáns me recibiran e aplaudiran; viña para recordar á maioría a súa vontade e asegurarlle o seu poder. Os puñais que ameazaban aos deputados levántanse inmediatamente contra o seu libertador. No mesmo momento os berros de bandido óense contra o defensor da lei.

Napoleón Bonaparte

Constitución de Cádiz, 1812

A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios.

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.

Art. 4. A nación está obrigada a conservar e protexer a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen.

Art. 8. Tamén está obrigado todo español, sen distinción algunha, a contribuir en proporción dos seus haberes para os gastos do Estado.

Art. 12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira.

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Art. 371. Todos os españois teñen liberdade de escribir, imprimir e publicar as súas ideas políticas sen necesidade de licencia.

Tratado da Santa Alianza

En nome da moi Sante e indivisible Trindade, SS.MM. o Emperador de Austria, o Rei de Prusia, e o Emperador de Rusia conviñeron os artigos seguintes:

Art. 1. Conforme ás palabras das Santas Escrituras, que ordenan a todos os homes mirarse como irmáns, os tres monarcas contratantes permanecerán unidos polos lazos dunha verdadeira e indisoluble fraternidade e consideraranse como patriotas, prestaranse en toda ocasión e en todo lugar asistencia, axuda e socorro.

Art. 2. En consecuencia, o único principio en vigor, xa sexa entre os ditos gobernantes, xa sexa entre os súbditos, será o de prestarse reciprocamente axuda.

Feito, triplicado e firmado en París o ano de grazas de 1815, o 26 de setembro. Francisco, Federico-Guillherme e Alexandre.

Intervención da Santa Alianza en España

Ben públicos e notorios foron a todos os meus vasalos os escandalosos sucesos que precederon, acompañaron e seguiron ao restablecemento da democrática Constitución de Cádiz no mes de marzo do ano 1820; a máis criminal traizón, a máis vergoñenta covardía, o desacato máis horrendo á miña Real Persoa, e a violencia máis inevitable, foron os elementos empregados para variar esencialmente o Goberno paternal dos meus reinos nun código democrático, orixe fecunda de desastres e desgracias.

A Europa enteira, coñecendo profundamente o meu cativerio e o de toda a miña Real Familia, a mísera situación dos meus vasalos fieis e leais, e as máximas perniciosas que profusamente espaxiáronse custase o que custase os axentes españois por todas as partes, determinaron poñer fin a un estado de cousas, que era o escándalo universal, que camiñaba a trastornar todos os tronos e todas as institucións antigas, cambiándoas na irrelixión e na inmoralidade.

Encargada Francia de tan santa empresa, en poucos meses triunfou dos esforzos de todos os rebeldes do mundo, reunidos por desgracia da España, no solo clásico da fidelidade e mais a lealdade. O meu augusto e amado curmán o duque de Angulema á fronte dun exército valente, vencedor en todos os meus dominios, sacoume da escravitude na que xemía, restituíndome aos meus amados vasalos, fieis e constantes.

1 de outubro de 1823. Fernando VII, rei de España.

Un programa democrático: o Manifesto da Reforma (1848)

Todos os homes son irmáns. Onde non existe igualdade, a liberdade é unha mentira. Os traballadores foron escravos, foron servos, hoxe son asalariados, ten que se intentar facelos chegar ao estado de asociados.

Só se pode acadar esta meta coa acción dun poder democrático.

Un poder democrático é aquel que ten a soberanía popular como principio, o sufraxio universal como orixe e, como obxectivo, a realización da fórmula: liberdade, igualdade e fraternidade.

Os gobernantes dunha democracia son tan só madatarios do pobo; teñen que ser responsables e revogables.

As funcións públicas non son distincións, non teñen que ser privilexios, son deberes.

A lei é a vontade do pobo, mais todo o mundo ten dereito a crítica libremente.

A educación dos cidadáns ten que ser común e gratuita. Correspóndelle ao Estado a súa realización.

Corresponde ao Estado tomar as iniciativas das reformas industriais e conseguir unha organización do traballo que mellore a condición dos asalariados.

Cómpre substituír a organización do crédito individual pola do crédito do Estado. O Estado, ata a emancipación do proletariado, ten que ser o banqueiro dos pobres.

O Estado ten que garantirlle traballo ao cidadán forte e saludable; ao doente e ao vello débiles axuda e protección.

L. BLANC, “Manifesto”, xornal *La Reforme*, 1848.

Italia a mediados do século XIX

Somos un pobo de 21 a 22 millóns de homes, chamados, desde tempos inmemoriais, cun mesmo nome —o de pobo italiano—, delimitados polas fronteiras naturais máis precisas que Deus trazou, o mar e as montañas máis altas de Europa, que falamos a mesma lingua, temos as mesmas crenzas e os mesmos costumes, herdeiros do máis glorioso pasado político, científico e artístico coñecido na historia de Europa.

Non temos bandeira, non temos nome político, nin gozamos dun lugar entre as nacións europeas. Non temos centro común, non temos Carta ningunha, nin un mercado unificado. Estamos desmembrados en oito Estados. Oito liñas de alfándegas limitan o noso mercado e impídenos a industria e mais a actividade comercial. Oito sistemas diferentes de moeda, de pesos e de medidas, de lexislación civil e de organización administrativa afastáronnos e fannos sentir estranxeiros uns dos outros. E todos estes Estados están en mans de gobernos despóticos. Non existe liberdade de prensa, nin de asociación, nin de palabra.

G. MAZZINI, *Italia, Austria e o Papa*, 1845.

A unión económica

A S.M. o Rei de Prusia, a S.A. o Príncipe electoral de Hesse-Kassel, a S.A.R. o Gran Duque de Hesse-Darmstadt, dunha parte, e a S.M. o Rei de Baviera e a S.M. o rei de Wurtemberg, doutra, de acordo co seu desexo de favorecer a liberdade de comercio e as relacións comerciais entre os seus Estados, e toda Alemaña en xeral, abriron negociacións para as que deron plenos poderes.

Art. 4. Nos territorios dos estados contratantes estableceranse leis uniformes sobre os dereitos de entrada, saída e tránsito.

Art. 41. O termo deste tratado, que será posto en práctica o 1 de xaneiro de 1834, fíxase provisionalmente no 1 de xaneiro de 1842.

Tratado do Zollverein, 22 de marzo de 1833.

O Imperio Alemán

Art. 2. O Imperio exerce o poder lexislativo en todo o territorio federal. As leis do Imperio están por riba das de cada Estado.

Art. 3. Para todo o territorio alemán hai unha nacionalidade común.

Art. 5. Exercen o poder lexislativo do Imperio o Consello Federal e o Parlamento (Reichstag).

Art. 6. O Consello Federal componse dos representantes de cada un dos Estados membros da Confederación.

Art. 11. A presidencia da Confederación correspóndelle ao rei de Prusia, que leva o título de Emperador de Alemaña.

Art. 20. O Reichstag componse de deputados elixidos por sufraxio universal directo con escrutinio secreto.

Constitución do Imperio Alemán, abril de 1871.